

**INFORMACIÓN LISTAS ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA EN ENFERMERÍA
FAMILIAR E COMUNITARIA**

Logo de máis de 3 anos de creación da categoría de enfermeiro/a especialista e despois de solicitar en varias reunións que era necesario negociar como incorporar os/as enfermeiros/as especialistas dentro do sistema de vinculacións temporais, o SERGAS nos presenta unha proposta que só recolle aspectos de flexibilización das normas do pacto, pero deixa fóra todo o referente a que tipo de contratos se ofertarán a esta categoría.

Para **CIG-Saúde** é un insulto a forma en que están tratando este tema, demorando ata a seguinte reunión unha posible resolución do tema, abrindo un prazo de alegacións para que volvamos a enviar as alegacións que xa enviamos reiteradamente, para que cumpran o que levamos moito tempo reclamando.

Para **CIG-Saúde** tiña que terse pechada toda a negociación na comisión de hoxe pero a administración non fai mais que buscar voltas e enredos para non pronunciarse sobre esta cuestión.

Exiximos unha resolución xa para os/as enfermeiros/as especialistas en enfermería familiar e comunitaria.